Proxecto EPÍSTOLA Consello da Cultura Galega

# Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

## Ficha documental da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 15/05/1973

**Colección:**
**Data:** 15/05/1973
**De:**
Celestino Fernández de la Vega;
**Para:**
Luís Seoane;
**Orixe:**
Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)
**Destino:**
A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)
**Ficha descriptiva:**
[Carta manuscrita con firma autógrafa]
**Localización física:**Fundación Luis Seoane
**Temáticas:**
*Comunicacións mesturadas*; Artes; Artes visuais;
**Mencionados:**
Álvaro Cunqueiro;

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

**Transcrición da epistola de Celestino Fernández de la Vega, a Luís Seoane do 15/05/1973**

LUGO, 15 mayo de 1973
Sr. D. LUIS SEOANE
LA CORUÑA

Meu querido amigo:

Xa vin o domingo a miña figuración. Coido que melloróu a semellanza en relación có rápido apunto que me fixeche na casa do Alvaro. Vindo de tí, non me solprendéu a xenerosidade cordial do texto, que agradezo en todo o que vale.
As Comunicaciós mesturadas interesáronme moito. Pra min están cheas de cousas e persoas iñoradas merecentes de recordo e conocemento. Agora que se escriben tantos libros gratuitos, coido que fan moita falla libros como ese: libros que se non se escriben non os escribe ninguén. Nas túas Comunicaciós trátase, ó meu ver, de xustas e debidas "salvaciós" de retallos, laberínticamente espallados no tempo e no espazo, dun esforzo tan conmovedoramente desamparado como é o da nosa cultura.
Moitas gracias por todo e recibe unha cordial aperta de

Celestino

---

Créditos do proxecto web

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.